



Concello de Guitiriz

ANUNCIO PÁXINA WEB/SEDE ELECTRÓNICA

CORRECCIÓN ERRO NAS BASES DA CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN DUN/DUNHA ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 21/12/2017 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección dun/dunha administrativo/a funcionario/a de carreira por oposición libre adscrito aos departamentos de intervención-contabilidade.

No BOP de Lugo nº 011 de data 15 de xaneiro de 2018 publicáronse integramente as devanditas bases.

Detectado un erro na publicación do BOP de data 15 de xaneiro de 2018 nas páxinas 8 e 9, no Anexo dos temas, na parte especial, materias específicas despois do tema 20:

Onde di:

“concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo. Análises do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e do remanente de tesourería para gastos xerais. A consolidación orzamentaria.”

Debería dicir:

“Tema 21. A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo. Análises do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e do remanente de tesourería para gastos xerais. A consolidación orzamentaria.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Regina Polín Rodríguez